

Resolución Reitoral do 10 de maio de 2019 pola que publica a programación cursos de extensión universitaria no ano 2019 no Campus de Ourense.

Por R.R. do 2 de maio de 2019 publicouse a relación definitiva de solicitudes de axudas para a organización de cursos de extensión universitaria no ano 2019 no Campus de Ourense admitidas.

Dacordo coa dita resolución, e en virtude do disposto na base sétima da resolución reitoral do 18 de febreiro de 2019 pola que se publica a convocatoria de axudas para organizar cursos de Extensión da Universidade de Vigo no ano 2019, no que se prevé que a Vicerreitoría tome a iniciativa de organizar cursos para cumprir os obxectivos previstos,

Esta Reitoría, RESOLVE:

Primeiro. – Facer pública a oferta de cursos de extensión universitaria do Campus de Ourense para o ano 2019 (anexo I).

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a publicarse, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

P.D. (R.R. 1/12/2018, D.O.G. 7/12/2018)

A vicerreitora do Campus de Ourense-  
Campus da Auga

Esther de Blas Varela



## Anexo I

### Programación de cursos de extensión universitaria 2019-Campus de Ourense

Código	Nome	Nº. prazas	Prezo matrícula	Horas	Créditos ECTS	Lugar celebración	Datas
2019550	Iniciación á lingua de signos española, á comunidade e á cultura xorda. Ferramentas socioeducativas inclusivas	25	70 €	60	2	Edificio Facultades-Ourense	3 a 14 de xuño
2019551	Os lumes forestais e a súa repercusión nos recursos hídricos	35	10 €	34	1.1	Albergue de Muíños	5 a 7 de xuño
2019552	Novas fronteiras do audiovisual galego. Talento, industria e internacionalización	65	50 €	30	1	Auditorio Municipal Ilduara de Celanova	9 a 12 de xullo
2019553	Aplicación socioeducativas: educación emocional e psicografoloxía infantil	25	80 €	60	2	Edificio de Facultades-Ourense	15 a 31 de xullo
2019554	Abordaxe socioeducativa da dislexia	25	50 €	30	1	Edificio Facultades-Ourense	2 a 6 de setembro
2019555	Turismo do viño, da cervexa e da sidra en Galicia	50	50 €	30	1	Edificio Xurídico-Empresarial (Ourense)/Concello de Allariz	5 a 13 de setembro

Período de preinscrición: a partir do 15 de maio en <http://culturxest.uvigo.es>

Prezos de inscrición: o prezo que aparece no cadro é para o público en xeral. As persoas da comunidade universitaria da Universidade de Vigo terán unha redución do 35% sobre o prezo da matrícula. Ao remate do curso entregarase un diploma acreditativo (asistencia obrigatoria ao 85% das horas).

